



A Banda de Paradela cumpre 150 anos



A Banda, en 1932, dirixida por Ramiro Rodríguez Gutiérrez

Cando España vivía o proceloso ano do nacemento da efémera Primeira República, na que todo parecía recomenzar, e a vida resultaba axitada por forzas que vibraban desde todos os puntos da rosa dos ventos, en Barrido, pequena aldea da parroquia de San Vicente de Paradela, nacíu unha banda de música da que en 2023 celebramos o século e medio de existencia. 150 anos despois, a Banda de Paradela é a embaixadora musical deste Concello e perfecto testemuño da devoción pola música das xentes de Paradela.



A Banda, na actualidade


1




A Banda de Paradela cumpre 150 anos

1873: Nace a BANDA DE BARRIDO

En todas as casas de Barrido (S. Vicente-Paradela) había algún músico, e en 1873, dirixidos polo mestre “O Bolo”, para amenizar as festas da comarca, organizaron unha agrupación musical da que tamén formaron parte músicos de San Mamede do Castro e doutras aldeas da contorna.



Aldea de Barrido



Eucalipto de Pereiraboa

Xuntábanse á beira desta árbore totémica no cruce de San Vicente, para desde aquí desprazarse para as actuacións. Informa o historiador Ángel Fernández, de familia de músicos paradelenses, que daquela non había luz eléctrica nin estradas en Paradela, xa que a primeira (Sarria-Portomarín-Lugo) foi construída en 1930, polo que os músicos percorrían os camiños cos instrumentos ao lombo, e tocaban nas misas, pasarrúas, concertos, romarías... Non había verbenas xa que a Garda Civil, ao rematar o día, pechaba a festa.

Quedaron na memoria, despois de “O Bolo”, directores como Pedro Grande de Barrido (clarinete), seu curmán Pedro do Castro (clarinete), Xoán de Ríos, Luís de Vidueira (de San Vicente), José de Castro (bombardino, pai de Cantinas), José Fernández Longinos (baixo, do corpo de Directores), Manolo o Fontán, de Saviñao (fliscorno), que tocara no Exército; Eliseo de Airexe fillo de Gordiano de San Vicente (bombardino) ou Alfredo Digón de San Mamede de Castro (fliscorno). Xa no século XX, Ramiro Rodríguez (pai), que fora un dos fundadores da banda, emigrou á Arxentina e foi músico en Nova Iorque; Eliseo (irmán), que foi para Venezuela, e o fillo, Ramiro (“Ramiriño”). Na última etapa, Pedro Rodríguez, de Barrido (que tocaba “todos os instrumentos”), Enrique Fernández, de Baralla, Jesús “O Ribeiro” e Lino de la Torre, ata chegar ao actual, Martín Vázquez.

Temos noticia de que o 16 de agosto de 1895, en Santa Mariña e Santiago de Farbán de Sarria, celebrouse a festa de San Roque, patrocinada por José Oñate, senador (xenro da Marquesa de Casa López), amenizada pola Banda do Barrido, con actuación tamén de gaita galega.

Conta Enrique Alvarellos que tanto a banda de Barrido como a de Segán (1895-1960) actuaban en Aldosende (Paradela), polo que a comisión de festas quixese darlles, pois era moita a rivalidade entre ámbalas dúas.



Museo persoal na casa de Pedro Rodríguez



Gorra de director de Pedro Rodríguez

2



A Banda de Paradela cumpre 150 anos

Entre Paradela (Barrido) e Sarria (Farbán)

Francisco Saco, Pedro Yebra e Florentino crean unha agrupación musical, que tivo continuidade coa Banda de Farbán impulsada por “Chaqueta blanca”, don Marcial e Jesús de Carrera, dirixida polo bombardinista Arias, barbeiro de profesión.

Por enfermidade de Arias fíxose cargo Carrozas, que tocaba a fruta. Pouco despois pasa a dirixila o xastre José Barrido de Paradela, bombardino, que viñera para Sarria. Con el fai numerosas actuacións, e na capital lucense gañou en dúas ocasións o Primeiro Premio de Certames Bandísticos. A agrupación aparece mencionada como Banda de Barrido ou de Barrido Farbán.

A Barrido sucedeuno Jesús Rodríguez, de Farbán, pai de Rogelio (clarinete). Alvarellos entrevistou en 1981 a Rogelio, que tocara o trombón e o baixo, daquela con 85 anos, que comentou: “Ruxíamos como podíamos pero, eso sí, tocabamos por música; cando eu me metín na música, era un rapaciño, pero como meu pai era daquela quen dirixía...”.



1943 Sección da Banda de Barrido

Eco de Galicia

DIARIO DE LA TARDE
Han llegado a Sarria 14 frailes de la comunidad de la Merced, para instalarse en el antiguo convento, situado en dicha villa, que perteneció a los Rvds. Padres Agustinos.

Les esperaban en la estación el alcalde accidentado y una comisión del ayuntamiento y otras distinguidas personas, entre ellas algunos sacerdotes, y numeroso público. La corporación municipal les dispuso en magnifico recibimiento, pues envió a la estación la banda de música de Barrido y Farbán, disparándose multitud de fuegos. En el convento esperaba tambien a los susodichos padres el párroco de San Salvador, D. Angel María Ferreira, y otras personas.

Desde la estación se dirigieron los religiosos a la Merced al convento, presididos por el Rvdo. P. Hartas, y acompañados de la comisión del ayuntamiento y de las demás personas que fueron a esperarlos, seguidos de la aludida banda de música.

5/8/1896

La Idea Moderna

DIARIO DEMOCRÁTICO DE LUGO

En la noche de ayer se celebró en la plaza otra lucida velada, con bonita iluminación.

Asistió a ella numeroso público y fué amenizada por la banda de música de Barrido-Farbán.

1/8/1899

EL LUCENSE


DIARIO CATÓLICO

En el tren correo del domingo llegó a su casa-hotel de Sarria nuestro querido amigo el conocido industrial Excmo. señor D. Venancio Vázquez López, quien se propone venir dentro de breves días a esta capital para tomar baños en el balneario de la misma. En la estación de aquella villa le esperaban y saludaron muchos amigos.

Por la noche fué obsequiado con una brillante sorenata por la banda de música de Barrido.

Reciba nuestra afectuosa bienvenida.

18/7/1898



Pasou logo a ser a Banda de Mendrós-Vilar de Sarria, dirixida por Juan Prado, e despois por Antonio González, coñecido como “Perros”, zapateiro. Ao emigrar a Venezuela, fíxose cargo da Banda Manuel Pérez Pardo, o Pataqueiro, que a dirixiu tres anos, xa como Union Musical Sarriana.

Os xornais recollen actuacións en Sarria da “Banda de Música de Barrido y Farbán” (El Eco de Galicia, 05/08/1896), da Banda “de Barrido” (El Lucense, 19/07/1898) e da Banda de Barrido Farbán (La Idea Moderna, 01/08/1899).



Fliscorno de Jesús, O Ribeiro



A Banda de Paradelá cumple 150 anos

Aparece a Banda de Paradelá

Se ben o nome de Banda de Paradelá aparece por primeira vez en 1922 nas festas de Castro de Rei de Lemos, unha nota publicada en La Voz de la Verdad o 9 de agosto de 1924 informa de que a Banda de Paradelá, por “reorganización de elementos novos e as ensinanzas que les ha inculcado en los últimos días un competente músico”, estaba chamando a atención cativando “el ánimo de los entusiastas del arte musical”.



La Voz de la Verdad

Debido a la reorganización de elementos nuevos y a las enseñanzas que les han inculcado, en estos últimos días, un competente músico de esa capital, la Banda de música de Paradelá, está llamando la atención en cuantos puntos concurre para dejarse oír. Tales progresos cautivan el ánimo de los entusiastas del arte musical de esta localidad que han iniciado una suscripción pública para regalar a los individuos que constituyen la citada colectividad unos trajes, atendiendo a que la mayor parte de los jóvenes músicos son de familias modestísimas. La Corporación municipal, los señores Curas párrocos, y demás personas pudientes del distrito harán una buena obra aportando alguna cantidad para tal objeto.

9/8/1924

La Voz de la Verdad

En la suscripción abierta por un grupo de aficionados al arte musical para regalar unos trajes a la banda de música de Paradelá, según he reseñado hace ya días en este periódico, han contribuido, hasta la fecha con las cuotas que se publican a continuación, los señores siguientes:
Sres. D.: Ramiro López, 50 pesetas; Gerardo Pallares Pérez, 20; Manuel López y López, 15; Pablo Rodríguez, 15; Antonio Fernández, 7 y José Ramón González, 3.

9/10/1924

E viña de abrirse unha suscripción pública para regalar os traxes “a los individuos que constituyen la citada colectividad, atendiendo a que la mayor parte de los jóvenes músicos son de familias modestísimas”.

Dous meses despois, publicábase a relación de doazóns que totalizaban 110 pesetas (cantidade moi importante naquel tempo) co fin indicado.

Sen embargo, cadansúa nota de prensa fala da “Banda de música de Barrido” (La Voz de la Verdad, 21/09/1928) actuando en Paradelá; da “Banda do Barrido” (El Pueblo Gallego, 26/09/1930) en Castro de Rei de Lemos... e chégannos referencias da “Banda de Farbán Barrido” nas festas de Santo Antonio de Rubián (Bóveda) en xuño de 1930 e da “Banda de Paradelá” en 1933 (xunto coa banda local) e 1935 en Portomarín, en ámbolos dous casos nas Festas do Santo Cristo.

EL PUEBLO GALLEGO

RUBIÁN

En Castro de Rey de Lemos.— Los días 4 y 5 de octubre se celebrarán en Castro de Rey de Lemos las fiestas en honor de la Virgen del Rosario.

Serán amenizadas por la banda de música de Barrido y por las gaitas del país de Villa-Caid y Vilely.

Los dos días se celebrará misa solemne a las doce; por la tarde habrá baile campestre y por la noche animada verbena en la que se quemará profusión de fuego fijo y volador.

26/9/1930



La Voz de la Verdad

DESDE PARADELA (SARRIA)
Las fiestas de San Miguel y la Virgen de los Dolores

Merced a la laudable iniciativa de dos jóvenes «romistas» —uno de ellos amigo nuestro, recién venido de la Villa y Corte— y previa la común colaboración de todos nuestros fieles parroquianos, se celebrarán, como en años anteriores y en el pintoresco pueblillo de Paradelá (Sarría), los tradicionales festejos que, en honor de glorioso San Miguel Arcángel y de la siempre bienaventurada Virgen María bajo la advocación de la Virgen Misericordiosa de los Dolores, tendrán lugar los días 29 y 30, respectivamente, del mes actual.

A partir de la víspera de primer día habrá profusión de cohetes de tuces y bombas de patenques y otras de menor cuantía. Amenizará los actos religiosos y profanos la popular «Banda de Música de Barrido» que con tanto éxito viene actuando doquiera que sea solicitada por los señores organizadores de comisión de fiestas.

Al romper el alba de los susodichos días habrá fuegos, dianas y alboradas. Seguirá luego, a hora oportuna, la solemne función religiosa con misa mayor, vistosa procesión; atrozadores bombas y alegre repique de campanas... Para la tarde de los mismos, animadísima romería en la explanada que se extiende ante la fachada principal de la Casa Ayuntamiento y en la que la citada Banda desarrollará amplio programa de escogidas partituras musicales. Y a fin de dar mayor realce a la fiesta es de esperar que, tanto en la tarde del primer día como en la del segundo y último, nos alegrará con su siempre simpática presencia la juventud de las cercanas parroquias de San Mamed de Castro, Santa Eulalia, San Martín, San, Santiago de Lugo, Franco, Ferreiros, Villareagante, Andrade, Santa Cristina, Castro de Rey y San Vicente.

Por anticipado el pueblo atrayente y hospitalario de Paradelá da las gracias a cuantos quieran, sobre todo esos días, honrarlo con su presencia.

Corresponsal.

21/9/1928

5



A Banda de Paradela cumpre 150 anos

Anos 60: A Emigración

En 1962 a emigración quixo que morrese a Banda de Paradela, sen conseguilo, porque aínda que deixou de escoitarse a música da súa banda, os antigos compoñentes seguiron sendo músicos de Paradela en Suiza ou Hispanoamérica.



A Banda, anos 60, dirixida por Manolo "O Fontán"

No pobo quedou a lembranza de grandes músicos de Paradela: Albino de Saviñao (fauta), Maximino de Campo Redondo (requinto), Higinio de Barrido, Indalecio do Colado e Carballal (clarinete), Cándido Vila López (fliscorno), Jesús Vázquez, O Ribeiro (trompeta e fliscorno) e Antonio, o Cantinas de Castro (trompeta), Cándido López e Indalecio Rodríguez (saxo alto), Cándido Digón (flauta e saxo), Manuel de Riocabo (saxo tenor), Julio Mato de Riba de Outeiro e Camilo San Vicente (trombón), Eliseo (bombardino), Cándido de San Vicente (tuba), Regatelo, Julio (bombo), Hermín Vila (baixo e platillos) e Pepe de Ferreiro de San Vicente (caixa).

Vinte dos membros da Banda emigraron a Suiza, entre eles Cándido López López, que cando volveu a Paradela foi un dos principais impulsores da reorganización da Banda.

En Basel, Pedro Rodríguez formou parte de "Los emigrantes", que mesmo no nome da agrupación levaban a nostalgia da terra.



Cándido López, terceiro pola dereita



"Los Emigrantes", en Basel (Suiza)

Tamén na emigración hispanoamericana soou a música de Paradela, tendo como exemplo a Ramiro Rodríguez ("Ramiriño"), como membro da Banda de Chantada e subdirector de La Lira, na cidade de Bos Aires.



Banda de Chantada, en Bos Aires



Banda "La Lira", en Bos Aires, 1971

E fóra de Galicia ou na nosa terra as orquestras tiñan músicos de Paradela que agardaban volver.



Orquesta "New-York", de Lugo



En Basel, Socorro (cantante), Pepe e Pedro Rodríguez, e Luís de Colado

6



A Banda de Paradela cumpre 150 anos

A nova Banda de Paradela

A Asociación O Barrido, que tomou o nome da histórica banda, presidida por José López López, “Pepe de Delle”, vinte e catro anos despois, creou unha Escola de Música para recuperar e consolidar a que pasou a chamarse Banda de Música de Paradela. E, a mediados dos anos oitenta do século XX, a banda reviviu.



A Banda en 1986, dirixida por Enrique Fernández

Fixo a súa presentación en Vilacaíz (O Saviñao) no Corpus de 1987, estando composta por 30 músicos, actuando en León, Chantada, A Pobra do Brollón, Escairón, Lugo, Ourense, Portomarín, Lalín, Sarria... No tempo en que foi dirixida por Lino de la Torre realizou actuacións en toda Galicia, Asturias, León, Salamanca e, en 7 ocasións, nas Fallas de Valencia.



Primeira saída da nova banda

Da renacida banda formaron parte cinco membros da antiga Banda de Barrido que volveran da emigración en Suiza, e varios que formaran parte de grupos musicais da zona ou actuaban coa reconstituída Banda Municipal de Sarria, que acollera membros de antigas agrupacións e mesmo de O Barrido.

Escola de Música e Banda teñen por local social a antiga escola, e están impulsadas por un Patronato sostido coas cotas dos socios e o apoio do Concello de Paradela.

O primeiro director desta etapa foi Enrique Fernández, de Baralla, que xa estivera na banda uns meses no ano 1952. Na nova etapa foise incorporando a mocidade en número crecente, lembrando Marisol Arias, a súa presidenta, que “fomos moitos os pequenos e pequenas da zona que nos animamos a participar nesta aventura sin saber moi ben por que. O caso é que pouco a pouco fomos aprendendo; non só música, senón tamén compañerismo, amizade e creamos uns vínculos que por moitos anos que pasen non romperemos”.



Anos 90. Director, Manolo “O Fontán”



A banda, dirixida por Pedro Rodríguez



A banda, en 1988

7



Trombón de Camilo de San Vicente




A Banda de Paradelá cumpre 150 anos

Cándido, Pedro, Ramiro...

Desde 1986 Paradelá volve ter Banda de Música, grazas ao labor das persoas que a fixeron rexurdir, destacando Cándido López, que ao regreso da emigración foi un dos elementos máis activos a prol da banda. O señor Cándido, xunto con outros músicos da zona como O Ribeiro, Sindín, Julio do Loyo, Luís, Pepe, Pedro, Camiño, e xente do Incio como San Pedro ou Casilla botaron a andar de novo a Banda. Todos eles son exemplo de amor á música, á Banda e a Paradelá.

Cándido López



Ao volver de Suiza, impulsou a banda e impartiu clase aos rapaces. Nacera en Eirexe-San Vicente, e despois de vinte anos en Basel, onde fundou e presidiu o Club Deportivo Lucense, regresou a Paradelá, asentándose en Pacios.



Escola de música.
Cándido, á esquerda, e Pedro, á dereita

Pedro Rodríguez, “Pedro de Barrido”




Da casa onde se fundou a Banda foron tres irmáns dedicados á música. Pedro, foi director, músico profesional, e tiña a sonda de tocar “todos os instrumentos”. A familia conserva instrumentos e memoria do seu intenso labor.



Pedro, á esquerda, tocando o saxo

Ramiro Rodríguez, “Ramiriño”



Seu pai, Ramiro Rodríguez Gutiérrez, un dos fundadores da Banda de Barrido, foi director de 1914 a 1920, emigrou a Cuba e USA e volveu dirixila de 1926 a 1936. Foi fusilado ao comezo da Guerra. Un irmán músico, Eliseo, tamén emigrou. Ramiro Rodríguez López, “Ramiriño”, o fillo (Los Ángeles, 1926), veu aos dous anos para San Mamede de Castro. Moi culto, meticuloso, empezou co seu pai na banda, tocando bombardino e clarinete. Dirixiuna de 1943 a 1948. O seu clarinete -que tocaba á vez que dirixía-, comprado a un compañeiro en 1943, cedeuno en 2001 ao fondo musical do CENTRAD de Lugo.



Ramiro, arriba á dereita. Ramiriño, abaixo á esquerda, coa súa nai e irmáns



Clarinete de “Ramiriño” no CENTRAD



“Ramiriño”, co seu padriño

8



A Banda de Paradela cumpre 150 anos

A Banda no comezo do S. XXI

A Banda de Paradela comezou o século XXI dirixida por Lino de la Torre, que estaba ao seu fronte e ao da Escola de Música desde o comezo dos anos 90.

O ano 2000 a Xunta de Galicia publicou un catálogo de Bandas de Música do País, e nel figura a nosa banda, recolléndose o nome dos seus trinta compoñentes e a súa especialidade musical.



DIRECTOR
Lino de la Torre Barrio.

FRAUTA
Luz María Dono Arias e Tamara Castro Cubello.

REQUINTO
Pamela Vázquez López, Maximino López González (Mino) e Ana Isabel Rodríguez Rodríguez.

CLARINETE
Higinio Rodríguez López, Iván López Rivera, Susana López Vázquez, Miriam Mato Álvarez, Diego Rey López, Julio Vázquez Rodríguez e Leticia Andrade López.

SAXO ALTO
Marisol Arias López, Alfonso Bergantiños López, Óscar Pérez Armesto e Sandra López Rodríguez.

SAXO TENOR
Rubén Darío Díaz Pérez e Roberto Varela.

SAXO BARÍTONO
Eulogio Abella Taboada.

TROMPETA
Fernando Rodríguez López, Martín López López, José Rodríguez Rodríguez e Javier Rodríguez López.

FLISCORNO
Miguel Vázquez Rodríguez e Jesús López Vázquez, O Ribeiro.

TROMBÓN
Roberto Vázquez Rodríguez e Carlos López Pérez.

BOMBARDINO
José Miguel Pérez López.

TUBA
José Cao Maceda e Manuel Pío de San Vicente.

PERCUSIÓN
Alejandro Vázquez López, Julio Varela Rodríguez, Pepe Ferreiro de San Vicente e José Maceda Gallego.

Daqueles tempos é a foto da Banda diante da Casa do Concello, que serviu de base para unha tarxeta postal que permitiu dar a coñecer a nosa agrupación por toda Galicia. Nesta fotografía aparecen xa 36 compoñentes.

Da man de Lino de la Torre a Banda acudiu sete veces ás Fallas de Valencia, gardando daquelas actuacións lembranzas inesquecibles.



En Valencia

E en 2003 gravamos un CD con diversas pezas do noso repertorio, que poden escoitarse a través deste código QR.



9



Tubas da banda. correas para desfilas





A Banda de Paradela cumpre 150 anos

Lino de la Torre Barrio

Lino de la Torre foino todo para a Banda de Paradela. Herdou a esencia da nosa historia e a forza e entusiasmo dos que a fixeron renacer nos anos oitenta do século XX, e adentróunos no século XXI con toda a enerxía que del emanaba e o infinito amor que demostraba pola música e os músicos.

Marisol Arias, Presidenta da Banda, que era nena cando Lino se fixo cargo da formación, afirma: *“Lino De la Torre non só foi o noso director, en moitos casos foi pai, foi amigo, pero sobre todo foi compañeiro... home fraco en aparencia, moi grande de corazón, conseguiu facer algo grande con moi pouco. Fixo, con axuda dos músicos da zona, unha gran banda, e non me refiro a grandes músicos, que tamén, senón que fixo que unha xeración enteira medrasemos cuns valores humanos impagables”*.

Nacera en Lugo en 1929. Con dezaseis anos ingresa na Banda Municipal de Lugo, e continúa nela ata 1950.

De 1947 a 1950, ademais de seguir na Banda Municipal, foi director da Banda Militar del Regimiento de Ingenieros Zapadores de Lugo.

En 1951 vai a Madrid cursar a carreira de saxofón no Real Conservatorio de Música e Declamación. Traballa en orquestras e actúa en teatros, salas de festas e no Circo Price.

Ao regreso a Lugo actuou coa orquestra Kalú 96 e fundou a Max 2000, que dirixiu durante anos en festas populares percorrendo Galicia, Asturias e León, lugares onde grazas aos seus contactos ten actuado coa Banda de Música de Paradela, chegando a tocar sete anos nas Fallas de Valencia.

Dende 1990 estivo á fronte da Banda de Paradela e foi responsable da Escola de Música. Faleceu en 2016.



Partitura de "Ensueño", manuscrita por Lino, á que se cre que el confeccionou este arranxo.

10



A Banda de Paradela cumpre 150 anos

Da Banda...



Martín Vázquez, Director

Director da Banda desde 2017, naceu en Lugo en 1990. Con 8 anos, xunto co seu irmán, comeza a tocar a gaita con Lis Latas, e despois na A. C. María Castaña. Con 13 pasa ao Conservatorio, e ao non haber estudo de gaita escolle o trombón.

Cos profesores Miguel Pérez, Bernardo Méndez e Iago Ríos, estuda o grao profesional en Lugo e remata ao tempo o bacharelato no IES Ánxel Fole. Marcha a Oviedo en 2010 para estudar con Alberto Castelló. Toca en orquestras "xoves", e ao remate do grao superior (2014), realiza o postgrao en San Sebastián con Stefan Schulz. Fórmase en pedagogía musical nas escolas mancomunadas de Outeiro, Rábade, Begonte e Friol, dirixidas por Armando Morales, e na música práctica cos compañeiros de Louband e outros grupos. Na actualidade estuda música moderna e improvisación con Kike López.



Marisol Arias, Presidenta

Desde nena, na escola e na Banda, leva 11 anos como Presidenta da Agrupación, e lembra: "*Cantas divinas veces paseamos arredor da escola vella para aprender a desfilar... Vivimos momentos moi felices pero tamén moi amargos e tristes, como o desgraciado accidente no que perderon a vida os nosos compañeiros Alberto e Aníbal*". Empezou na Banda en 1983 tocando o clarinete, e agora toca o saxo alto.

Aceptou ser presidenta da Banda porque Lino pediulles a ela e a Roberto Vázquez Rodríguez que non a deixasen morrer, e cumpriron a promesa que lle fixerón.

Do maior á máis nova...



Julio Varela

Noveno de dez irmáns (Regatelo-S. Martiño, 1932), foi hosteleiro -Mesón do Loio-, zapateiro, barbeiro... e músico, porque ao volver do Servizo Militar tivo que substituír a seu irmán, que tocaba o bombo na Banda de Barrido.

Estudou música con Cándido e Hermín López, e tocou na banda de 1954 a 1961. Cando os de San Xoán de Loio emigraban por anegar as augas as súas veigas, el quedouse. No 1981 ingresou na banda de Sarria. Ao renacer a Banda de Paradela, dous anos despois de que deixase a música, volveu aos pratos e ao bombo. Segue a tocar coa banda cando é preciso.



Sara Arias

Sara Arias Arias, 9 anos, é a máis nova da Banda. Leva cinco anos, e toca a trompeta. Estuda 4º de primaria, gusta da música pop e rap, e de maior quere ser enfermeira ou policía. A súa trompeta chámase "trompi", tenlle tanto cariño que nin lla deixa ao director para que a axuste un técnico.



Bombo antigo

11



A Banda de Paradela cumpre 150 anos

Banda de Paradela: Presente e futuro

A banda ten na actualidade 25 membros, mais 14 alumnos da Escola de Música, e un coro infantil en formación, e ven celebrando concertos por toda Galicia, especialmente en Paradela na Feira anual, Santa Cecilia e no Nadal. A Escola, con catro profesores (Martín Vázquez, director e vento-metal; vento-madeira, Kike López; coro, Jesús Álvarez, e percusión e linguaxe musical, J. A. Salvador "Pepón"), ten ensaios dominicais, e o coro, os luns pola tarde.

A celebración dos primeiros cento cincuenta anos concrétase en diversos concertos, a incorporación ao repertorio de novas pezas de música moderna, e nesta exposición itinerante, que comeza a pescudar na historia da Banda.

O seu director, Martín Vázquez, afirma sentir “vertixe pola fondura da historia da Banda, a querenza musical das xentes de Paradela e o entusiasmo de todos os compoñentes, á vez que satisfacción e confianza absoluta no presente e no futuro”.



“Grazas a estas bandas, tiñan acceso ao noso campo as creacións dos grandes xenios.”

Xaquín Lourenzo

“A Banda popular representa o grande interese do mundo galego pola música. Hai en cada artista unha esperanza de superación. Cada nota é unha verba de amor, un sentimento inconcluso, sempre un canto.”

Antonio Fraguas

Agradecemos a información e imaxes facilitadas por Xaime Félix López Arias (Arlindo), Jesús García Bernardo, Xesús Mato, Ángel Fernández, Julio Varela, Marisol Arias, Martín Vázquez, CENTRAD, e as familias de Manuel Rodríguez López, Ramiro Rodríguez e Pedro Rodríguez, subliñando o especial papel en recuperar a memoria das históricas bandas de Galicia do profesor Enrique Alvarellos, do que obtivemos importante información.

A exposición
A BANDA DE PARADELA CUMPRE 150 ANOS
é un proxecto do
COLECTIVO EGERIA

Textos e coordinación:
ANTONIO GIZ e XULIO XIZ

Colabora:
BANDA DE PARADELA

Realización:
DESEÑO

Patrocinan:
CONCELLO DE PARADELA - XUNTA DE GALICIA

12



Gorra de músico, anos 90